

Actividades I

Contido

Introdución.....	2
Base de datos.....	2
Chat.....	4
Cuestionario.....	5
Tipos de cuestións.....	8
Calculado.....	8
Descrición.....	10
Ensaio.....	10
Emparellamento.....	11
Respostas inseridas.....	11
Escolla múltipla.....	13
Resposta breve.....	13
Numérico.....	14
Preguntas aleatorias de resposta breve exacta.....	14
Verdadeiro/Falso.....	14

Introdución


Veremos neste tema as posibilidades que moodle ten para elaborar distintas tarefas (avaliativas ou non) que o alumnado pode facer. Podemos definir as actividades ou tarefas como os elementos que permiten levar a cabo a labor práctica do noso curso. Nas nosas clases presenciais facemos distintos tipos de exercicios, cuestións, problemas, comentarios de texto, redaccións, exames, etc. Na aula virtual podemos facer todo iso e máis. Nas clases presenciais se o alumnado se atopa con problemas podemos resolvelos no momento. Na aula virtual isto pódese facer por medio do módulo de comunicación (mensaxes, chat, foros, etc. que veremos noutro tema) aínda que é máis difícil que teña esa compoñente de inmediatez; sen embargo, para nós non será ningún problema ou atranco xa que é un complemento ás clases presenciais nas que poderemos resolver calquera dúbida.

Base de datos

Esta actividade vains permitir facer unha base de datos na que amosar case calquera tipo de información que o propio alumnado aportará mediante incorporación de rexistros; ademais esa información quedará facilmente accesible coma en calquera base de datos.

Como poderedes intuír, o uso desta actividade é moi variable; poderemos utilizala para que o alumnado vaia incorporando fotografías de especies de organismos vivos que se vaian estudando e que logo poderán ser visualizadas, ou fórmulas matemáticas, físicas ou químicas, etc. As posibilidades dependerán da imaxinación do profesorado.

Para **crear unha base de datos** no noso curso deberemos escoller esta actividade no menú despregable (ver imaxe). Apareceranos unha páxina cun formulario coma este:



O primeiro a facer será darlle un nome e facer unha descrición da nosa base de datos. A continuación deberemos configurar:

- **Datas:** podemos establecer as datas nas que estará dispoñible a actividade, ademais de indicar as datas nas que estarán dispoñibles os resultados.
- **Entradas solicitadas:** podemos establecer o número de entradas mínimas a enviar por cada participante. A actividade non se considerará completada en tanto o usuario no teña enviado o número de entradas esixido.
- **Entradas solicitadas antes de verse:** permite indicar que número de entradas debe de realizar o usuario para poder ver o resto das entradas.
- **Número máximo de entradas:** é o número máximo de entradas que un usuario pode enviar.
- **Comentarios:** podemos activar esta opción para permitir que os usuarios fagan comentarios a cada entrada.
- **Solicita aprobación?:** se activamos esta opción, o docente deberá aprobar as entradas antes de que os estudantes podan velas. É interesante para moderar o contido da base de datos, evitando entradas de contido non adecuado.
- **¿Permitir a clasificación das mensaxes?:** se activamos o cadro de verificación "Utilizar clasificacións", permitiranos cualificar cada unha das entradas.

Deixando todas as opcións por defecto e dándolle ao botón "gardar e continuar" apareceranos a páxina onde configurar os campos que se mostrarán na nosa base de datos.

Escollemos o tipo de datos que vai levar o campo despregando o menú "Crear un campo novo:" e elixiremos **url** xa que neste caso vou facer unha recompilación de accesos a páxinas interesantes que o alumnado (neste caso vós) poda aportar. Aparecerá entón o formulario no que deberemos dar un nome ao campo, unha descrición e indicar se queremos que se ligue automaticamente. Prememos no botón engadir e faremos isto tantas veces como enlaces que queiramos aporte o alumnado. Ao rematar xa teremos a nosa "BD" e o alumnado ao entrar nela engadirá enderezos premendo na pestana "engadir entrada" co que visualizará...

A "Url" será o acceso á páxina e o "Texto" o que queremos que se vexa no listado. Así, cando teñamos algunha entrada ou rexistro na base de datos, cando entremos nela veremos...

Recopilación de url's interesantes por tema! Particpade!!!

Ver lista
Visualización simple
Engadir entrada

Enderezo1: [Ensino-aprendizaxe mediante plataformas virtuais_escuela2.0](#)
Enderezo2: [Instalación e administración da aula virtual con moodle_cepindalo](#)

Entradas por páxina 10
Buscar
Ordenar por Data de introdución
Ascendente
Gardar configuracións

Chat

A actividade Chat permite establecer unha comunicación sincrónica entre os participantes do curso; é dicir, comunicarnos en tempo real co alumnado e entre eles. O Chat de Moodle permite a comunicación mediante texto escrito en grupo ou persoa a persoa. O máis conveniente é ter un único Chat por curso e incorporalo no tema cero que se visualiza sempre como encabezado.

Xeral

Nome desta sala de chat*

Texto introdutorio* ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma B I U S x₂ x₂

Camiño:

Próxima hora de chat 22 Outubro 2011 13 15

Repetir sesións Non publicar horas de chat

Gardar sesións antigas Nunca eliminar mensaxes

Todos poden ver sesións antigas Non

Engadir unha actividade...

Engadir unha actividade...
Base de datos
Chat
Cuestionario
Enquisa
Escolloa
Flash Video
Foro
Glosario
JClic
Lección
Retroalimentación
SCORM/AICC
Tarefas
Actualización avanzada de ficheiros
Texto en liña
Actualización dun só ficheiro
Actividade fóra de liña
Webquest
Wiki

O máis interesante da configuración é establecer a próxima hora de chat para que todo o alumnado coñeza cando se fará a vindeira reunión co profesor ou profesora. Tamén se pode limitar o tempo ou as sesións por días ou semanas.

Cuestionario

É o equivalente a unha proba obxectiva ou exame nas clases presenciais. Consistirá, polo tanto, nunha serie de cuestións de diverso tipo que o alumnado deberá responder e sobre a que estableceremos unha cualificación en base a uns criterios preestablecidos. Dependendo do tipo de pregunta, a cualificación será automática e inmediata. Sen dúbida, unha ferramenta interesantísima!

Revisión da tentativa 1

 Manuel
Comezado en: Sábado, 22 de Outubro de 2011, 09:54
Completado en: Sábado, 22 de Outubro de 2011, 10:16
Tempo empregado: 22 mins 11 segundos
Puntuación bruta: 11/15 (73%)
Cualificación: 73.33 dun máximo de 100

1 

Notas: 1

A a-D glicopiranososa ten...

Escolle unha resposta.

☐

a. ...o carbono 6 por baixo do plano. ✗

✗

☐

b. ...o OH do carbono 1 cara arriba ✗

✗

☐

c. ...o OH do carbono 6 á esquerda ✗

✗

☒

d. ...o OH do carbono 1 cara abaixo ✓

Moi ben! 😊

Correcto

Notas para este envío: 1/1.

[Facer un comentario ou anular a cualificación](#)

[Facer un comentario ou anular a cualificación](#)

Notas para este envío: 1/1.

Correcto

Exemplo da revisión dun cuestionario (visión parcial)

Crear un cuestionario é sinxelo pero laborioso aínda que podemos aforrar traballo se temos cuestións xa feitas e as importamos; veremos como facer isto máis adiante.

O primeiro que debemos facer é crealo e configuralo mediante o formulario que se abre cando eliximos a opción cuestionarios no menú de actividades. Deberemos darlle un nome e facer unha introdución (información para o alumnado antes de iniciar o cuestionario). Logo poderemos configurar os seguintes aspectos:

Abrir o cuestionario: Esta opción permite establecer a data exacta na cal se

Engadir unha actividade...

- Engadir unha actividade...
- Base de datos
- Chat
- Cuestionario**
- Enquisa
- Escolle
- Flash Video
- Foro
- Glosario
- JCLic
- Lección
- Retroalimentación
- SCORM/AICC
- Tarefas
- Actualización avanzada de ficheiros
- Texto en liña
- Actualización dun só ficheiro
- Actividade fóra de liña

Engadir unha actividade...

- Engadir unha actividade...
- Base de datos
- Chat
- Cuestionario
- Enquisa
- Escolle
- Flash Video
- Foro
- Glosario
- JCLic
- Lección
- Retroalimentación
- SCORM/AICC
- Tarefas
- Actualización avanzada de ficheiros
- Texto en liña
- Actualización dun só ficheiro
- Actividade fóra de liña

abrirá o cuestionario.

Nome*

Debe introducir aquí un valor.

Introdución ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma

B I U S x₂ x₃

Camiño:

?

Coordinación

Abrir o cuestionario ? 22 Outubro 2011 16 00 ☒ Desactivar

Pegar o cuestionario ? 22 Outubro 2011 16 00 ☒ Desactivar

Tempo límite ? 0 ☐ Activar

Atraso da segunda tentativa en relación coa primeira ? Ningún ▼

Atraso entre tentativas posteriores ? Ningún ▼

Mostrar

Preguntas por páxina ? Ilimitado ▼

Barallar preguntas ? Non ▼

Barallar dentro das preguntas ? Si ▼

Tentativas

Tentativas permitidas ? Número de tentativas ilimitado ▼

Cada tentativa constrúese a partir da última ? Non ▼

Modo adaptable ? Si ▼

Cualificacións

Método de avaliación ? A cualificación máis alta ▼

Cualificacións

Modo adaptable ? Si ▲

Cada tentativa constrúese a partir da última ? Non ▲

Tentativas permitidas ? Número de tentativas ilimitado ▲

Tentativas

Método de avaliación ? Si ▲

Pegar o cuestionario: Esta opción permite establecer a data exacta na cal se pegará o cuestionario.

Tempo límite: Esta opción establece o tempo que ten o alumnado para facer o cuestionario. Se o tempo está en 0, entón o alumnado non ten límite de tempo para poder responder ao cuestionario.

Cando está activado o cadro de verificación deberemos indicar os minutos que poden empregar en cumprimentalo.

Atraso da segunda tentativa en relación coa primeira: Esta opción permite establecer o tempo que debe de transcorrer entre a primeira tentativa e a segunda. Se poñemos ningún entón o alumnado poderá repetir inmediatamente despois de intentalo unha primeira vez. Esta opción non terá sentido se especificamos (máis adiante) unha única tentativa!

Atraso entre tentativas posteriores: Esta opción permite establecer o tempo que debe de transcorrer entre a segunda tentativa e a terceira e entre as sucesivas.

Preguntas por páxina: Esta opción permite establecer o número máximo de preguntas que haberá por páxina.

Barallar preguntas: Esta opción permite variar a orde das preguntas do cuestionario, cambiando a mesma con cada tentativa.

Barallar dentro das preguntas: o mesmo que a anterior pero dentro de cada pregunta; por exemplo reordenar as respostas dunha cuestión de múltiples respostas.

Tentativas permitidas: Esta opción permite establecer o número máximo de tentativas permitidas por parte do alumnado á hora de contestar aos cuestionarios.

Cada tentativa constrúese a partir da última: Si se permiten varios intentos e se selecciona si, cada nova tentativa conterá o resultado da anterior. Isto permite completar unha pregunta a través de varios intentos, facilitando así a consecución da resposta correcta por parte do alumnado.

Modo adaptable: Esta opción permite ao alumnado corrixir inmediatamente despois de contestar erroneamente unha pregunta, podendo responder de novo á cuestión proposta.

Método de avaliación: Esta opción permite establecer o método de cualificación do cuestionario, podemos elixir entre catro opcións: cualificación máis alta, cualificación media, primeira tentativa ou última tentativa.

Aplicar penalizacións: Esta opción permite establecer penalizacións naquelas preguntas que se responden por segunda vez ou máis. Se temos activado o método adaptable é recomendable activar esta opción.

Número de decimais das cualificacións: Esta opción permite establecer decimais na avaliación das preguntas. Nel podemos indicar o número de decimais que queremos ter.

Os/as estudantes poden facer revisións: Esta opción controla se os estudantes poden revisar as súas tentativas pasados despois de resolver o cuestionario e cando poderán facelo.

Mostrar exame nunha xanela "segura": Esta opción permite dar máis seguridade á hora de realizar o cuestionario (é preciso ter java activado).

Require contrasinal: Esta opción permite establecer un contrasinal para poder realizar o cuestionario.

Require enderezo de rede: Esta opción permite establecer que rango de IP's poden realizar o cuestionario. SÓ TEN SENTIDO CANDO TODO O ALUMNADO O FAI NUNHA REDE LOCAL.

Avaliación total: Esta opción permite establecer o comentario valorativo que terá o alumnado cando finalicen o cuestionario. En función da porcentaxe que se obteña, poderán ter unha valoración ou outra.

Finalmente premeremos no botón "Gardar e continuar" e accederemos á páxina onde poderemos construílo engadindo cuestións.

O banco de preguntas é onde teremos amoreadas as cuestións que vaíamos creando. Cando teñamos un número elevado farase necesario agrupalas por categorías o que logo nos facilitará a súa localización. Poderemos crear categorías e subcategorías premendo no botón "Editar categorías".

Para crear unha nova pregunta despregamos o menú e eliximos o tipo de cuestión que queremos engadir.

Tipos de cuestións

Calculado

Consiste nunha pregunta na que o alumnado deberá facer unha operación de cálculo definida por nós mediante unha expresión matemática do tipo " $a+b/c=$ " ou calquera das [funcións matemáticas admitidas en php](#). Logo de darlle un nome e asignarlle unha categoría, debemos escribir o enunciado da pregunta coa fórmula que queiramos para o cálculo lembrándonos de poñer os valores numéricos entre {} (ver a imaxe)

Categoría: Predefinido

Actualizar a categoría

comodíns compartidos: Ningún comodín compartido nesta categoría

Nome da pregunta*: Calculado1

Texto da pregunta ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma B I U S x₂ x² [Icons]

Calcula {a}/{b}:

Camión: ? wavy

Formato ? Formato HTML

Imaxe para mostrar: Ningún

Cualificación da pregunta predefinida*: 1

Factor de penalización* ? 0.1

Logo é necesario indicar a fórmula coa que se obterá a resposta correcta, a avaliación (100%) e o erro permitido e como calculalo(ver imaxe).

Resposta

Fórmula de resposta correcta= {a}/{b}

Cualificación: 100 %

Tolerancia ±: 0.01

Tipo de tolerancia: Relativo

Móstrase a resposta correcta: 2

Formato: decimais

Dándolle ao botón "Páxina seguinte" pasaremos a outro formulario onde indicar o conxunto de datos a utilizar e volvendo a premer no botón "Páxina seguinte" poderemos definir o rango de valores para cada parámetro (ver imaxe).

Actualizar os parámetros dos conxuntos de datos

Elemento para engadir

Parámetro {a} 2.4

Intervalo de valores 1.0 10.0

Número de decimais 1

Distribución Uniforme

Parámetro {b} 4.9

Intervalo de valores 1.0 10.0

Número de decimais 1

Distribución Uniforme

{a}/{b} $2.4/4.9 = 0.49$
Min.: 0.4851---Máx.: 0.4949

Engadir

Seguinte 'Elemento para engadir'

☒ reutilizar valores previos se están dispoñibles

☐ forzar rexeneración

Obter novo 'Elemento para engadir' agora

Engadir 1 elemento(s)

Descrición

Non é unha pregunta senón unha explicación (con imaxe ou sen ela) para informar sobre algo referente ao cuestionario (instrucións para contestar un grupo de preguntas) ou para lembraralles algo dos contidos sobre o que se lles vai a facer preguntas.

Ensaio

Consiste nunha pregunta da que se espera unha resposta tipo texto polo que ao alumnado lle aparecerá un cadro de texto no que poderán redactar a súa resposta. Evidentemente a cualificación deste tipo de preguntas non é automática e o profesor deberá cualificar manualmente.

Para que se pode utilizar o tipo de pregunta "descrición"?

Notas: -- /1

Resposta:

Trebuchet 1 (8 pt)

Idioma

Camión:

Enviar

Exemplo de pregunta tipo ensaio.

Emparellamento

Neste tipo de pregunta poderemos facer que o alumnado relacione conceptos de dúas columnas emparellándoos correctamente. No formulario para crear unha destas preguntas deberemos (ademais de darlle un nome, escribir un enunciado, etc.) indicar os conceptos emparellándoos correctamente. Un exemplo de este tipo de cuestión podería ser...

[illegible]

Respostas inseridas

Trátase dun texto no que faltan certos conceptos que o alumnado debe inserir. Eses conceptos a inserir poden ser de escolla múltiple, resposta curta ou tamén numérica.

No formulario de creación teremos que darlle un nome á pregunta e logo introducir o texto que queiramos. No lugar dos conceptos escollidos deberemos indicar entre {}:

1. O número de respostas válidas (normalmente 1)
2. O tipo de resposta en maiúsculas seguido de ":"
 - a. MULTICHOICE:
 - b. SHORTANSWER:
 - c. NUMERICAL:
3. As respostas erróneas precedidas de "~"
4. As respostas correctas precedidas de "~="

Nas imaxes pode verse un exemplo e o resultado.

Editando respostas inseridas (Cloze) ?

Xeral

Categoría: Predefinido

Nome da pregunta*: Ex1 Inserir1

Texto da pregunta* ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma

B I U

A auga é o líquido que máis sustancias dissolve, por iso dicimos que é {1:MULTICHOICE:Respostas ~Inmiscible ~un disolvente orgánico ~=o disolvente universal ~un disolvente iónico} Esta propiedade, tal vez a máis importante para a vida, débese á súa capacidade para formar {1:SHORTANSWER:~ ~=pontes de hidróxeno ~=pontes de hidroxeno ~=enlaces de hidróxeno ~=enlaces de hidroxeno} con outras sustancias que poden presentar {1:MULTICHOICE:Respostas ~carga apolar ~=grupos polares ~hidróxeno ~osíxeno} ou con carga iónica (alcohois, azucres con grupos R-OH , aminoácidos e proteínas con grupos que presentan cargas + e - , o que da lugar a {1:MULTICHOICE:Respostas ~=disolucións moleculares ~disolucións iónicas ~disolventes orgánicos ~disolventes inorgánicos} Tamén as moléculas de auga poden disolver a sustancias salinas que se disocian formando

Camiño: ?

Previsualización Ex1 Inserir1

1

Notas: -/5

A auga é o líquido que máis sustancias dissolve, por iso dicimos que e Esta propiedade, tal vez a máis importante para a vida, débese á súa capacidade para formar con outras sustancias que poden presentar ou con carga iónica (alcohois, azucres con grupos R-OH , aminoácidos e proteínas con grupos que presentan cargas + e - , o que da lugar a Tamén as moléculas de auga poden disolver a sustancias salinas que se disocian formando

A auga é o líquido que máis su

▼ Esta

Respostas

Inmiscible

un disolvente orgánico

o disolvente universal

un disolvente iónico

Escolla múltipla

É unha pregunta que presenta varias respostas das que se debe escoller unha ou varias que son as correctas.

Logo de establecer os parámetros xerais (nome da pregunta, enunciado, etc.) deberemos indicar as respostas e a súa puntuación en porcentaxe o que nos permitirá indicar se é a correcta (100%) ou se é unha errónea e queremos penalizar a posibilidade de acerto aleatorio (-25% no caso de catro respostas cunha única correcta).

Nas imaxes pódese ver un exemplo e como se visualizaría.

The image displays four screenshots of a question editor interface for a multiple-choice question.

- Xeral (General):** Shows the question category as 'Predefinido', the name as 'Ex2 Múltiple1', and the text as 'A α -D glicopiranososa ten...'. It includes a toolbar with various formatting options.
- Escolla 1 (Choice 1):** Shows the response as '...o carbono 6 por baixo do plano.', the qualification as '-25 %', and the feedback as 'A serie L é a que ten o carbono 6 por baixo do plano xa que na [proxección de Fisher está á esquerda](#) por definición. 😊'. It includes a toolbar with various formatting options.
- Escolla 2 (Choice 2):** Shows the response as '...o OH do carbono 1 cara abaixo', the qualification as '100 %', and the feedback as 'Moi ben! 😊'. It includes a toolbar with various formatting options.
- Escolla 3 (Choice 3):** Shows the response as '...o OH do carbono 1 cara arriba', the qualification as '-25 %', and the feedback as 'Entón sería [beta](#).'. It includes a toolbar with various formatting options.
- Escolla 4 (Choice 4):** Shows the response as '...o OH do carbono 6 á esquerda', the qualification as '-25 %', and the feedback as 'O carbono 6 non é asimétrico polo que non hai estereoisómeros. ¡Resposta absurda!'. It includes a toolbar with various formatting options.

The final preview shows the question as it would appear to the student. It includes the question text, the choices, and the 'Enviar' button.

E nesta imaxe ([premer aquí](#)) un exemplo de revisión dunha escolla múltipla.

Resposta breve

É unha cuestión que require dunha resposta breve que deberá escribir o alumno ou alumna. Para a súa corrección automática faise evidente que deberemos indicar cal é a resposta (con todas as posibles variantes) que se espera introduza o alumnado. Pódese utilizar, por exemplo, para dar unha definición e indicar ao alumnado que responda co concepto definido.

Na imaxe temos un exemplo coa corrección automática feita.

1 Como se denomina o software co que xestionamos a aula virtual do noso centro?

Notas:
0.5/1

Resposta:

Fáltalle un ollo ao nome!

Parcialmente correcto
Notas para este envío: 0.5/1. Este envío foi penalizado con 0.1.

Notas para este envío: 0.5/1. Este envío foi penalizado con 0.1.
Parcialmente correcto

Numérico

O mesmo que o anterior pero espérase que o alumnado introduza un número como resposta e para a corrección automática podemos establecer un marxe de erro.

Preguntas aleatorias de resposta breve exacta

Trátase dun tipo de pregunta que xera unha de tipo emparellado a partires das preguntas de tipo resposta breve existentes na categoría actual e seleccionadas aleatoriamente. É dicir, crea unha pregunta para emparellar utilizando preguntas de tipo breve que nós lle indiquemos (e que deben estar feitas previamente) escollendo aleatoriamente un número delas que tamén lle indicamos no momento de creala.

Verdadeiro/Falso

É como as de escolla múltiple pero con só dúas opción que determinan se o enunciado é verdadeiro ou falso.

Na imaxe vemos un exemplo deste tipo de pregunta.

1 A desnaturalización das proteínas ten lugar cando se rompen os enlaces peptídicos.

Notas:
-/1

Resposta: ☐ Verdadeiro
☐ Falso